

UNIDADE 5:

IMPERIALISMO E PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

1. Introducción

O período que vai desde o último terzo do século XIX ata 1918 caracterizouse por unha crecente conflitividade que acompaña á formación das grandes potencias económicas e políticas nun contexto de constante desenvolvemento industrial.

O desenvolvemento económico de países europeos (Reino Unido, Alemaña, Francia, Bélxica...) e extraeuropeos (Estados Unidos e Xapón) vai ter como consecuencia o auxe do Imperialismo. A rivalidade económica e política entre as potencias desencadeará o primeiro conflito bélico a escala mundial do século XX, a Primeira Guerra Mundial ou Gran Guerra.



División india que participou na Gran Guerra no bando da súa metrópole.

2. O Imperialismo

A época do **Imperialismo** desenvólvense, aproximadamente, **entre os anos 1870 e 1914**, e podemos definila como a do dominio **directo ou influencia directa dun país (a “metrópole”)** **sobre outros territorios (as “colonias”)**, que quedan sometidos. Así é como se formaron os imperios coloniais, nos que a metrópole emprega a súa forza militar, económica e/ou política para manter a dependencia das súas colonias.

2.1. Causas do Imperialismo

O desenvolvemento do Imperialismo foi posible debido á concorrencia de diversas causas que o fixeron posible:

- ➔ **Económicas:** a busca de novos mercados e recursos naturais foi unha das principais motivacións do Imperialismo. Nun contexto de expansión do capitalismo no contexto da segunda Revolución Industrial, as potencias europeas necesitaban un elevado volume de man de obra e materias primas para alimentar á súa crecente industria, así como novos mercados nos que vender os seus produtos.
- ➔ **Demográficas:** a poboación europea incrementouse moito ao longo do século XIX debido ao mantemento de altas taxas de natalidade e ao descenso das de mortalidade, derivadas estas das melloras hixiénicas e médicas. Este excedente demográfico levou aos gobernos das potencias europeas a poñer en práctica políticas favorecedoras da emigración, sobre todo cara as súas propias colonias.
- ➔ **Culturais e ideolóxicas:** nesta época predominaba o “eurocentrismo”, que defendía a superioridade da relixión, a lingua e a cultura dos europeos e a raza branca. Isto, xunto coa doutrina do “destino manifesto”, levou a moitos políticos e pensadores a xustificar e lexitimar a colonización de África e Asia como unha misión civilizadora.
- ➔ **Científicas e tecnolóxicas:** a exploración xeográfica, asociada ao descubrimento de novas fontes de riqueza, experimentou un grande pulo. Asimesmo, os avances tecnolóxicos, como o ferrocarril, o telégrafo ou as melloras na navegación, permitiron ás potencias europeas establecer e manter as súas colonias.




2.2. Desenvolvemento do Imperialismo


Todas estas causas, paralelas ao desenvolvemento económicos das grandes potencias de Europa (Reino Unido, Francia, Alemaña, Bélxica...), máis os Estados Unidos e Xapón, marcou o

inicio dunha **carreira colonizadora** que afectou principalmente aos continentes de África e Asia, e en menor medida á zona do Pacífico.

Ante as tensións existentes en Asia, e co obxectivo de evitar conflitos entre as portencias e ordenar o proceso colonizador, a “carreira por África” organizouse a **Conferencia de Berlín** (1884-1885). Alí, os países europeos acordaron o libre comercio polos ríos Congo e Níxer, repartíronse as súas zonas de expansión, e fixaron as condicións necesarias para ter dereito á conquista, como a ocupación efectiva da zona costeira. Unha vez as potencias se facían co territorio, impuxeron gobernos coloniais que explotaban todos os recursos locais e explotaban aos indíxenas. Sen embargo, malia os acordos internacionais, a tensión política e os incidentes entre as potencias imperialistas, como o de **Fachoda**, non deixaron de aumentar.



Noutros puntos do globo os conflitos tamén eran constantes. En Asia os británicos arrincaron concesións territoriais e comerciais a China tras a súa victoria nas **Guerras do Opio**. O Reino Unido tamén aumentou os seus territorios na India, e enfrontouse a Rusia no “Gran Xogo”, a carreira por controlar Asia Central. Cabe destacar tamén a forte expansión do industrializado Imperio xaponés fronte aos seus veciños. En América, os Estados Unidos afianzaron o seu control do continente coa súa vitoria na Guerra Hispano-estadounidense (1898), que significou para España, a perda de Cuba, Puerto Rico e Filipinas.



2.2. Consecuencias do Imperialismo

- ➔ **Económicas:** as colonias foron explotadas polas potencias imperialistas, que extraían recursos e riquezas, deixando ás economías locais nunha situación de dependencia e subdesenvolvemento.
- ➔ **Políticas:** o Imperialismo xerou tensións entre as potencias colonizadoras e provocou conflitos dentro dos territorios conquistados. Debido a isto apareceron numerosos movementos de resistencia indíxenas e incluso guerras de independencia.
- ➔ **Sociais:** a colonización exacerbou as desigualdades sociais e económicas nos territorios conquistados, creando unhas estruturas de poder que favorecían aos colonizadores sobre as poboacións locais.
- ➔ **Culturais:** a imposición da cultura europea levou á perda de tradicións e linguas locais. Non obstante, tamén se produciu un intercambio cultural que, nalgúns casos, enriqueceu ás sociedades colonizadas.
- ➔ **Legado contemporáneo:** as consecuencias do Imperialismo aínda se poden apreciar na actualidade, xa que moitos países (sobre todo en África e Asia) seguen loitando por superar unha colonización que xerou conflitos sociais e favoreceu o mantemento posterior dunha situación de dependencia económica.

3. A Primeira Guerra Mundial

Entre os anos 1914 e 1918 tivo lugar un conflito bélico completamente diferente aos anteriores a todos os niveis. Esta **Gran Guerra ou Primeira Guerra Mundial** xurdiu como consecuencia das dinámicas derivadas do Imperialismo e da segunda Revolución Industrial, e acabou sendo antesala dun inestable período de entreguerras e da Segunda Guerra Mundial.

A **nivel político**, participaron todas as grandes potencias e outros países europeos, as colonias controladas por estes e outras potencias como Estados Unidos e Xapón, de xeito que non quedou ningún continente habitado que non entrase directa ou indirectamente na contenda.



A **nivel económico**, as potencias mundiais orientaron a súa economía, enormemente desenvolvida pola segunda Revolución Industrial, á guerra. Isto supuxo a creación de exércitos numerosos e tecnoloxicamente moi dotados, con numerosos adiantos armamentísticos (fusís automáticos, metralhadoras, tanques, aviación militar, gases tóxicos...) que farán que as baixas nas fronteiras acaden cifras nunca vistas.


A **nivel ideolóxico**, os Estados fomentarán a guerra como expresión do patriotismo a través da propaganda, exaltando a xustiza das aspiracións propias e a maldade dos seus inimigos. Isto, sumado á confianza na propia superioridade, fará que, en vésperas do conflito, boa parte da poboación dos países europeos desexase unha guerra que consideraba xusta e doada de gañar. Este optimismo inicial non tardará en desaparecer ante o horror das trincheiras.

3.1. Causas da Primeira Guerra Mundial

Desde o último terzo do século XIX as tensións e a conflitividade entre as potencias europeas non deixaron de aumentar, xerando un contexto de tensión política no que era inminente (e incluso desexado) un conflito a grande escala. Podemos sinalar as seguintes causas da Gran Guerra, que interactúan entre elas retroalimentándose:

- **Causas económicas:** no contexto da segunda Revolución Industrial, a hexemonía económica británica enfrontouse ao forte crecemento de Alemaña, que reforzou moito o seu sector naval para así disputar o liderado británico no comercio marítimo.
- **Causas derivadas do Imperialismo:** a expansión imperialista das principais potencias europeas na busca de espazos en Asia e, sobre todo, en África, xerou enfrontamentos e propiciou o establecemento dun sistema de alianzas que preparou o camiño cara á guerra.
- **Tensións territoriais en Europa:** intensificáronse as tensións relacionadas cos territorios europeos que eran reclamados por varios países, como **Alsacia e Lorena** (reivindicados por Francia e Alemaña) ou a **área balcánica**. Esta última converteuse na zona máis inestable de Europa debido á progresiva desintegración do Imperio Otomano, os intereses enfrontados de potencias como Austria, Alemaña, Rusia ou Italia, así como os diferentes nacionalismos balcánicos (gregos, serbios, croatas, eslovenos, albaneses...).
- **Intensificación das posturas nacionalistas e patrióticas:** as potencias europeas incrementaron os discursos de exaltación nacional e confrontación contra os países considerados rivais para xerar unha opinión pública favorable a un conflito que só precisaba dunha chispa para prender.

CONFLICTOS O RIVALIDADES ENTRE POTENCIAS QUE PRECEDEN A LA PRIMERA GUERRA MUNDIAL



→ **Sistema de alianzas:** as tensións e rivalidades entre as potencias derivou no establecemento de dous bloques que rematarían por ser os contendentes na guerra. Por unha banda estaba a Triple Entente (Reino Unido, Francia e Rusia) e pola outra as potencias centrais ou Triple Alianza (Alemania, Imperio Austrohúngaro e Italia, se ben esta última cambiará de bando e será substituída na alianza polo Imperio Otomano).



Había, polo tanto, un amplo conxunto de factores que facían da guerra algo máis próximo do que moitos pensaban naquel momento. O detonante último do conflito tivo lugar na cidade de **Saraxevo, onde o 28 de xuño de 1914 o herdeiro do Imperio Austrohúngaro, Francisco Fernando, é asasinado** por un estudante serbio contrario á influencia austríaca nos Balcáns. A partir deste feito, activouse o sistema de alianzas e comezou a Gran Guerra.

3.2. Evolución da Primeira Guerra Mundial

Malia o optimismo dos contendentes, pronto foi evidente que a guerra non sería o rápido conflito ao que aludía constantemente a propaganda: a formación de numerosos exércitos polo recrutamento dun grande número de soldados, a orientación das economías cara á guerra e as innovacións tecnolóxicas que se puxeron en marcha na fronte déronlle nome á Gran Guerra e convertérona nun escenario de destrución xamais visto. O conflito desenvolveuse en **varias fases**:

1. Guerra de movementos (1914):

- ➔ Na **fronte occidental**, Alemaña atacou Francia despois de invadir Luxemburgo e Bélxica. Deste xeito, en poucos días o exército alemán chegou a estar a uns 50 km de París. Este avance foi detido na batalla do **Marne** por tropas francesas e británicas.
- ➔ Na **fronte oriental**, Rusia foi derrotada polos alemáns en **Tannenberg**, pero esta vitoria non supuxo un avance significativo xermano no territorio. Paralelamente, as tropas austrohúngaras atacaron Serbia, sen lograr obxectivos relevantes.

2. Guerra de posicións (1915-1917):

- ➔ As fronteas estabilizáronse e comezou a **guerra de trincheiras**. Os avances foron practicamente inexistentes e a un elevado custo de baixas: as ofensivas alemás de **Verdún** e franco-británica do **Somme** remataron sen que ningún dos bloques conseguise unha vitoria relevante e cun número de baixas que superou, entre ámbolos dous bandos, os dous millóns de soldados (con arredor de 600.000 mortos ou desaparecidos).



3. A crise de 1917:

- Na **fronte oriental**, a **revolución bolxevique** que tivo lugar en Rusia fixo que este país solicitase o armisticio e negociase a paz con Alemaña, asinada no Tratado de Brest-Litovsk. Así, os alemáns puideron orientar os seus recursos militares cara á fronte occidental, contra Francia e Gran Bretaña.
- Na **fronte occidental**, os Estados Unidos entraron na guerra no bando de Gran Bretaña e Francia, xustificando a súa decisión nos ataques dos submarinos alemáns aos seus barcos. Aportaron case un millón de soldados e abundosa subministración bélica.

4. A fin da Gran Guerra (1918):

- Derrotadas Austria-Hungría e o Imperio Otomano, Alemaña resistiu e mesmo comezou unha derradeira ofensiva na **segunda batalla do Marne**, fracasando ante as tropas francesas, británicas e estadounidenses. Ante esta situación, tanto no exército como na sociedade xermana comezaron revoltas obreiras e protestas contra a continuación da guerra. O **temor a unha revolución** como a bolxevique rusa precipitou a decisión de poñer fin á guerra: o káiser Guillermo II abdicou, proclamouse a **República de Weimar** e o 11 de novembro de 1918 Alemaña asinou o armisticio. Remataba deste xeito a Gran Guerra.

Primera Guerra Mundial (1914-1918)



3.3. Consecuencias da Primeira Guerra Mundial

O final da Gran Guerra trouxo unha **nova situación mundial** na que influíron diferentes aspectos: as posturas políticas de vencedores e vencidos, a consolidación dos Estados Unidos como potencia mundial, a revolución bolxevique en Rusia (que cuestionaba o capitalismo e o liberalismo como sistemas dominantes e que servía de espello para o movemento obreiro), etc.

A complexidade deste contexto histórico comeza co deseño da posguerra nos **tratados** que puxeron fin á Primeira Guerra Mundial e que, lonxe de asegurar a paz e a estabilidade internacionais, acabarán sendo un factor desencadeante da Segunda Guerra Mundial.

1. Os tratados de paz:

O **11 de novembro de 1918 asinábase o armisticio** que poñía fin ao conflito armado. En xaneiro de 1919 comezaban en París as negociacións para establecer as condicións dos tratados de paz, coa presenza de 32 países liderados polos vencedores: Francia, Gran Bretaña, Estados Unidos e Italia, que non permitiron a presenza dos países derrotados. Sen embargo, as posturas de partida xa foron diverxentes e atendían aos intereses de cada un dos vencedores:

- ➔ Os Estados Unidos buscaban a estabilidade internacional, fortalecendo as bases do liberalismo político e do capitalismo económico fronte á revolución bolxevique de Rusia. Os postulados estadounidenses están recollidos nos denominados **14 puntos de Wilson**.
- ➔ Os países europeos vencedores, especialmente Francia, querían compensacións polos cuantiosos danos sufridos, reparacións de guerra que debían proceder especialmente de Alemaña. Esas peticións estaban dominadas por un forte sentimento de vinganza provocado por afrentas pasadas.

Finalmente impúxose a postura francesa e Alemaña viuse obrigada a asinar o **Tratado de Versalles** o 28 de xuño de 1919. As condicións deste tratado, que consideraban a Alemaña e os seus aliados os únicos responsables da guerra, eran moi duras para o país xermano e serán a orixe de futuros conflitos. Resúmense nos seguintes puntos:

- ➔ Francia recuperaba as rexións fronterizas de Alsacia e Lorena.
- ➔ As posesións coloniais de Alemaña foron repartidas polos países vencedores.

- Establecíase o pagamento de elevadísimas reparacións de guerra que Alemaña debía pagar anualmente aos países vencedores.
- A rexión de Renania, fronteiriza con Francia, debía quedar completamente desmilitarizada.
- O exército alemán quedaba practicamente disolto, limitándose o poder militar de Alemaña a un número de soldados e de armamento moi reducido.
- O territorio oriental alemán quedaba dividido en dúas partes, co fin de facilitar unha saída ao mar á nova Polonia independente a través do corredor de Danzig (Gdansk).

Estas condicións que Alemaña se viu obrigada a asinar foron **consideradas unha humillante imposición e un abuso** (“Diktat”), que acabaría espertando nos alemáns un desexo de desquite e que, xunto cunha grave crise económica, crearía no país o contexto ideal para o futuro triunfo do nacionalsocialismo de Hitler.

Ademais do Tratado de Versalles, tamén se asinaron outros tratados individuais co resto de potencias derrotadas:

- **Tratado de Saint Germain** con Austria (1919).
- **Tratado de Neuilly** con Bulgaria (1919).
- **Tratado de Trianon** con Hungría (1920).
- **Tratado de Sèvres** con Turquía (1920).

2. A nova orde mundial:

Os tratados de paz asinados para poñer fin á Primeira Guerra Mundial estableceron unha nova orde mundial na que **Europa**, semidestruída, arruinada, desgastada, endebedada e esgotada mental e demograficamente, **perdía a súa hexemonía** en favor de potencias emerxentes como Estados Unidos ou Xapón.

Sen embargo, as consecuencias da Gran Guerra foron moito máis profundas, e poden dividirse en varias categorías:

→ **Consecuencias políticas:** a máis importante foi a creación dun novo mapa de Europa, que levou aparellada unha nova situación política:

- ✓ **Desaparición das grandes dinastías e desintegración dos antigos imperios derrotados**, como o Otomano, que limitou o seu territorio a Turquía e foi rodeado de protectorados tutelados por ingleses e franceses, como Iraq, Siria, Líbano ou Palestina. Tamén o Imperio Austrohúngaro viu como Austria se convertía nunha pequena república sen saída ao mar e xurdían novos Estados ao seu redor, como Hungría, Checoslovaquia ou Iugoslavia. Pola súa banda, Alemaña perdeu unha importante parte do seu territorio, sobre todo na parte oriental.
- ✓ **Illamento da Unión de Repúblicas Socialistas Soviéticas (a URSS)**, que era considerada un perigo polos sistemas liberais europeos. Para iso, e a modo de tapón, creáronse novos países independentes como Polonia, Finlandia, Estonia, Letonia ou Lituania.

Unha das consecuencias destas modificacións territoriais foi que importantes núcleos de poboación quedasen dentro das fronteiras de Estados distintos á súa etnia ou cultura (por exemplo, alemáns baixo dominio checoslovaco ou húngaros en Romanía). Polo tanto, ao tentar solucionar os problemas dunhas nacionalidades, xerábanse posteriores conflitos.



- ✓ A presión do presidente norteamericano Woodrow Wilson impulsou a creación da **Sociedade de Nacións**, con sé en Xenebra (Suíza). O seu obxectivo era manter a paz e resolver os conflitos entre países mediante negociacións. Sen embargo, a súa eficacia foi moi limitada, xa que non estaban presentes países como Rusia, Alemaña, Italia ou o mesmo Estados Unidos, cuxo Congreso rexeitou a súa incorporación.

→ **Consecuencias sociais:** foron moi variadas, e acabaron por converterse en xerme de novos conflitos e do triunfo de ideoloxías totalitarias:

- ✓ As propias **cifras do conflito** amosan o calado que tivo para a sociedade da época: 65 millóns de persoas mobilizadas, 10 millóns de mortos, 2 millóns de viúvas, 4 millóns de orfos... A iso engadíronse os millóns de feridos, mutilados e desaparecidos. Ademais, a poboación europea sufriu moito na recuperación, debido á gran mortalidade e ao descenso da natalidade e a man de obra.
- ✓ O empobrecemento da poboación provocou fortes **tensións sociais** nos países afectados.
- ✓ As **mulleres**, que conseguiran certos avances de carácter social durante o conflito, **experimentaron un retroceso social** ao finalizar a guerra. Ao volver incorporarse ao mundo laboral os homes, desprazáronas de novo ao ámbito doméstico.

→ **Consecuencias económicas:** a destrución material en Europa foi brutal en cidades, campos, fábricas e infraestruturas, especialmente en países como Francia, Bélxica e norte de Italia, onde tiveron lugar a maior parte dos combates. As debilitadas economías europeas atopáronse así con moitas dificultades para a súa reconstrución:

- ✓ **Aumentouse a débeda pública** debido á maior emisión de moeda, o cal provocou unha forte inflación.
- ✓ Os países europeos tiveron que solicitar **grandes préstamos**, recorrendo sistematicamente ao endebedamento.
- ✓ O gran beneficiado da situación europea foron os **Estados Unidos**, convertidos no máximo proveedor de recursos e produtos industriais e maior prestamista. Estados Unidos viviu neste momento a súa época máis dourada (os “felices anos vinte”) e converteuse na **primeira potencia económica mundial**.